

Identidades cambiantes

Moitos, e no só o escollido, poderían ser o títulos para rotular a última novela de Teresa Moure. Como tal: “Alteridade”, “Aposta pola diversidade” ou simplemente, “Non aos números primos”. Porén, coido que “Identidades cambiantes” é unha expresión acaída para o caso, para dar idea do contido e, en certa medida, tamén da forma de *Benquerida catástrofe*, a última novela de Teresa Moure, un / unha dos/das autores máis premiados dos últimos tempos desde que no outono de 2004 o xurado do Premio Lueiro Rey a descubriu e proxectou na palestra literaria. Desde entón, unha boa campaña promocional e a indiscutible calidade da súa escrita fixeron de Te-

Con eivas e con bondades



FRANCISCO MARTÍNEZ
BOUZAS

to literario – filosófico cuxa tese central expón a voz narradora nas últimas páxinas: Todos temos un lado feminino e outro masculino, as identidades son cambiantes e, por veces, abonda unha incidencia calquera para facer abrollar aquela que se agocha.

Teresa Moure mantén esa tese contándonos a seguinte trama: Nunha parella formada por Adam (sic) e Eva as cousas comezan a ir manifestamente mal a partires da visita do primeiro á

en Adam, anguria, senón entusiasmo e contento e comezan a recuperar o tempo perdido e, no caso do home, a súa verdadeira identidade sexual. O punto neurálxico da novela podería atopalo o lector cara a metade do texto cando Adam ponse de súpeto a chorar e vese así mesmo coma o que era desde o principio: “unha muller, espida, soa”.

Teresa Moure escribe novelas dun xeito distinto a como se acostuma facer no sistema literario galego. Endalí que, verbo dos seus libros, xurdan defensores e detractores. Sen pretensións de neutralidade, este comentarista atopa no presente relato algunhas eivas e excesos e non poucas bondades. No debe da novela, teríamos que rexistrar unha verdadeira fervenza de palabras, sinónimos e expresións que din o mes-

GRAZA DESTE
TEXTO RESIDE
NUNHA ESTRUCTURA
FRAGMENTARIA NA
QUE SE MESTURAN

OS PUNTOS DE VISTA

mo; un desmedido protagonismo da voz narradora que pretende ser a voz profunda que decide nos intres cruciais. E tamén, na miña estima, as excesivas comparacións do comportamento dos personaxes co dos seres do mundo animal, que aparecen ata nos sonhos, cando precisamente a idea central da novela é que non somos natureza, senón seres construídos ou, como diría E. Morin, seres culturais por natureza e naturais por cultura. A actualidade do contido e a modernidade da arquitectura que o converte en novela, son, a meu ver, as grandes virtudes desta novela. A graza deste texto consiste precisamente na súa forma: Unha estrutura fragmentaria, mestura de diversos materiais (anacos de diarios, historias de bechos, contos populares...) e de puntos de vista narrativos. Unha estrutura así mesmo arborescente, aínda que aquí só hai tres ramas, pero que nos lembra a profecía de Borges: os demiúrgos e os deuses optarán polo infinito, infinitas historias, infinitamente ramificadas.

MOURE, Teresa,
Benquerida catástrofe,
Xerais, Vigo 2007, 229
páxinas.

resa
Moure,
mal que lle
pese a escrito-
ra, o fenómeno li-
terario e extraliterario
dos últimos anos.

Mais, consideracións paraliterarias á marxe e centrándonos xa na análise de *Benquerida catástrofe*, cómpre dicir, en primeiro lugar, que estamos diante dunha boa pero non doada novela. Unha bo relato para iniciados no pensamento do novo feminismo e para os lectores que sexan capaces de prestarlle atención aos mínimos detalles que inzan o texto e o paratexto. Un rela-

con-
sulta dun
dermatólogo que
lle diagnostica psoríase e
lle aconsella que tome o
sol. O motivo perfecto para
se separaren, xa que ela,
Eva, é pola contra doente
de lupus e ten que se abster
de ir á praia. Os dous, pois,
con enfermidade de pel
que soen somatizar o que
ocorre por dentro, neste
caso, o xeo no que se estaba
convertendo a relación. O
diagnóstico non produce
en ningún deles, sobre todo

